

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VÍCTOR LÓPEZ SEOANE

CURSO: 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Valores e Plástica.

DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
CCNN	B1.1. Realiza un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.
	B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.	CNB1.2.1. Establece conxecturas ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información. CNB.1.2.2. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.
CCSS	B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados.	CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
LC	B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, notivias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas...

		LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.
	B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do seu interese.	LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rmas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.
	B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.	LCB3.6.1. Exprésase por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.
MAT	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.2.1. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución, etc.
	B1.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.	MTB1.4.1. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.
	B1.5. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.5.1. Desevolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.
	B2.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos	MTB2.5.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasiación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións.

	matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado paara a resolución de problemas.	MTB2.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.
VAL	B1.2. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoa.	VSCB1.2.1. Razona o sentido de compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.
		VSC1.2.2. Actúa de forma respectable e digna.
	B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1. Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.
PLÁ	B1.1. Aproximarse á lectura, análise e interpretación de arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	EPB1.1.3. Secuencia unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón do cómic.
	B1.2. Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e as técnicas básicas das obras plásticas, e expresar as súas diferenzas.	EPB1.2.1. Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal.
	B2.1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	EPB2.1.1. Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.
EPB2.1.3. Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma.		

	B2.3. Utilizar e manexar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.	EPB2.3.2. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.
LG	B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis)	LGB2.1.1. Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose de forma evidente.
		LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.
		LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade.
	B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo.
		LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación)
		LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística_ ortografía ,acentuación, léxico, morfosintaxe.
B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e información relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, normas de convivencia, avisos, instrucións...	

2- Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: O procedemento de avaliación, a partir do estado de alarma, será a recollida de información proporcionada polas familias.
	Instrumentos: Os instrumentos empregados para a recollida de información serán os empregados nas dúas primeiras avaliacións e a partir do cese da actividade presencial a recollida de información proporcionada polas familias mediante fotos ou contacto directo.
Cualificación final	Dada a excepcionalidade da situación este terceiro trimestre nos basearemos nos datos obtidos nas dúas primeiras avaliacións, si presenciais. Todo o que se faga neste terceiro trimestre valorarase positivamente pero a súa non realización non será motivo de baixada de nota. Enténdese que os criterios marcados nas dúas primeiras avaliación e a súa consecución ou non consecución é máis que determinante para a cualificación final do curso. Todos os datos recollidos e as decisións tomadas detallaranse no informe individualizado do alumnado.
Proba extraordinaria de setembro	Se o profesorado o considera poderá facerse unha proba en setembro, como avaliación inical, con contidos básicos para a información do profesorado en canto ao nivel de coñecemento do que parte o alumnado.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Coa superación dos criterios de avaliación deste curso danse por superados os criterios de avaliación de cursos anteriores.
	Criterios de cualificación: Para unha cualificación positiva terán que terse superados, como mínimo, o 50% dos criterios de avaliación.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os mesmos que para o alumnado que non ten materia pendente.

3- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades que se levaron a cabo na metade do segundo trimestre e no terceiro foron moi variadas, repasando todos os contidos traballados con anterioridade e avanzando lixeiramente con actividades de investigación en materias como Ciencias Sociais ou Ciencias da Natureza. Combinamos actividades máis tradicionais, como poden ser fichas con exercicios, con actividades máis innovadoras, como scapes rooms, ou actividades interactivas para facer mediante o ordenador. Intentouse que as actividades fosen o máis lúdicas posibles e aproveitamos certas materias para propoñer actividades que fomentasen a colaboración de toda a familia. Ademais, realízanse unha vez por semana videochamadas (a través da aplicación Webex) coas nenas e nenos en pequenos grupos para estar en contacto, establecendo temáticas para fomentar a participación como un concurso de talentos ou unha festa de disfraces. Aquí pódense consultar todas as actividades propostas: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvictorseoane/taxonomy/term/75</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>En canto á metodoloxía o que máis se pretende é ter ao alumnado motivado cara a aprendizaxe, por iso establecemos actividades que consideramos que poidan interesarlles nestes momentos. Estamos en constante contacto con todas as familias que nos escriben, mediante o correo corporativo da Xunta ou a aplicación Abalar, resolvendo dúbidas ou corrixindo as actividades que nos envían. Primamos as actividades lúdicas e familiares para poder retomar ese traballo colaborativo que intentábamnos establecer na aula.</p> <p>Co alumnado sen conectividade que contactou con nós establecéronse as medidas facilitadas polo Concello, mediante as cales a mestra envía actividades ao centro e o centro as remite ao Concello, que á súa vez llas entrega a dito alumnado. O mesmo procedemento se emprega para a entrega do traballo.</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais e recursos empregados son tamén moi variados. Empregamos materiais das editoriais que se puxeron en contacto con nós facilitando recursos como Vicens Vives ou Santillana. Tamén realizamos as nosas propias actividades interactivas mediante a páxina wordwall.net, onde podemos ver os resultados do alumnado que as realiza. Tamén empregamos outras aplicacións para a elaboración de material como genial.ly, Canva ou Kahoot!. Ademais buscamos inspiración en museos que propoñen actividades para realizar desde a casa ou nos acollemos tamén ás actividades propostas polos equipos de coordinación do cento (Equipo de Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega...)</p>

4- Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Cada vez que colgamos actividades na páxina web do centro (o primeiro día da semana) enviamos un Abalar informando ás familias de que xa teñen unha nova tanda. Para calqueira outra actividade que se ralice (como videochamadas) ou outros avisos empregamos tamén a aplicación Abalar. Se non é posible contactar con algunha familia mediante esa aplicación empregamos o correo electrónico ou realizamos unha chamada telefónica.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro e enviada ás familias no caso de non ter acceso a internet.